

Servizo de EDUCACIÓN

CONCELLERÍA DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente **97507/332**

INFORME-PROPOSTA:

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e cos artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

O obxecto da presente proposta para o inicio do correspondente expediente de contratación é a necesidade de atender a **xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa”**.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

A importancia do tratamento didáctico da cidade de Vigo como privilexiado recurso educativo vén reforzado pola idea de que non solamente educa o centro escolar; senón que a cidade tamén é un espazo que informa e forma ao alumnado xa que amosa elementos para descubrir, indagar, investigar, posibilitando a apertura da escola á cidade e viceversa. Mediante o desenvolvemento de visitas e itinerarios culturais a distintos equipamentos culturais da cidade de Vigo que se desenvolven no marco do programa educativo municipal de achegamento didáctico-cultural á cidade “VIGO EDUCA”, se propicia un coñecemento en profundidade da cidade de Vigo, espazo no que vive e actúa o alumnado, e se potencia a idea dunha cidade educadora que se converte nun museo didáctico-cultural. Este achegamento activo por parte do alumnado á realidade cultural e turística de Vigo, permítelle obter un coñecemento da puxante actualidade da súa cidade que o implica e identifica co seu espazo vital, e o responsabiliza na súa conservación e mellora.

As disposicións legais vixentes na materia, nomeadamente a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE), na súa nova redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE) publicada no BOE N.º 340 do 30/12/2020, recolle no seu artigo 88 que as Administracións Educativas dotarán aos centros dos recursos necesarios para facer efectiva a gratuidade das ensinanzas que nesta lei se declaran gratuitas, e establecerán as medidas para que a situación económica do alumnado non supoña unha barreira para o acceso ás actividades complementarias programadas que se consideren necesarias para o desenvolvemento do currículo escolar.

Tamén a LOE no seu preámbulo por unha banda fai referencia entre os seus principios á necesidade de proveer dunha educación de calidade a todo o alumnado, garantindo a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación; e por outra banda no seu artigo 8 recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuír aos fins establecidos nesta lei.

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercicio das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/08/2024 10:32

Páxina 1 de 4

97507-332

CSV: ADA458-34BCB2-57EB2F-QK7FTA-4CAPP9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

En consecuencia, cómpre sinalar que esta actividade municipal de coñecemento didáctico da nosa cidade denominada “VIGO EDUCA” é un programa educativo cunha longa traxectoria de máis de 30 anos de realización en exercicios anteriores (no seu inicio baixo a denominación de programa educativo “Vigo por Dentro” e agora neste intre como “Vigo Educa”), que se veu desenvolvendo de xeito continuo por parte do Concello de Vigo a través do Servizo de Educación, adquirindo un papel protagonista de primeiro orde e plenamente consolidado nas programacións escolares dos centros educativos da cidade de Vigo.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo, en función da política educativo-cultural que o goberno local considera apropiada e conforme ás súas prioridades programáticas, promover a continuidade deste programa municipal de coñecemento da nosa cidade “Vigo Educa”, que nas súas edicións anteriores ten acadado unha ampla aceptación e excelentes resultados de satisfacción por parte dos centros educativos de Vigo.

Este ámbito didáctico-formativo da promoción das actividades complementarias para o coñecemento da cidade, é un escenario de actuación onde as administracións locais están tradicionalmente presentes e polo tanto, teñen xogado e xogan un papel moi relevante na formación integral do noso alumnado.

Atribuída pois a súa competencia ao municipio, de conformidade coa normativa en vigor procede a xestión do servizo obxecto de contratación a través dos cauces previstos no ordenamento xurídico vixente.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Basicamente esta iniciativa didáctica municipal, ten por obxecto a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo de coñecemento da cidade “VIGO EDUCA”, que o Concello oferta para cada curso lectivo escolar, e que consiste, principalmente, nas viaxes de ida e volta para a realización de distintos itinerarios e visitas didácticas de escolares dos centros de ensino radicados na cidade de Vigo e adheridos ao programa municipal.

Este programa municipal ten polo tanto como acción principal, promover o traslado gratuito de alumnado de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, que poderán participar neste programa previa solicitude.

Para desenvolvelo cómpre contratar o transporte gratuito do alumnado participante, e a coordinación do operativo de loxística organizativa cos centros de ensino participantes e o Concello.

En consecuencia, o Concello de Vigo mediante a participación activa do alumnado nas visitas didácticas á cidade de Vigo que preferentemente estarán relacionadas coa variada oferta educativa municipal, promove que os escolares aumenten o seu sentimento de pertenza e implicación coa cidade onde viven e residen.

Trátase dunha intervención educativa especialmente necesaria nunha urbe como a nosa, formada nas súas dimensións actuais nos anos corenta do pasado século, cun crecemento intensivo froito, entre outros factores, dunha inmigración sostida que fai unha cidade moi recente e xove, cuxa identidade cultural propia e cuxo sentimento de pertenza necesita ser coñecido, interiorizado e valorado polo alumnado.

A implementación do programa municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa” contempla a contratación dunha empresa de transporte especializada e competente na prestación de transporte de escolares, que terá como cometido o desenvolvemento dos desprazamentos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:32	Páxina 2 de 4
97507-332	CSV: ADA458-34BCB2-57EB2F-QK7FTA-4CAPP9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de EDUCACIÓN

CONCELLERÍA DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente **97507/332**

escolares e a organización do calendario de desprazamentos no marco do citado programa. Esta xestión comporta a execución do contrato que rexerese consonte ao disposto na lexislación vixente a través da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Para o contrato que se propón, tendo en conta o obxecto específico da presente proposta, cómpre proceder a súa contratación externa dada a imposibilidade da súa execución de maneira directa pola administración local, toda vez que o Concello de Vigo non conta con medios materiais axeitados e persoal propio cualificado e suficiente para prestar con satisfacción as necesidades obxecto do citado servizo. Por outra parte, a contratación externa é o medio habitualmente utilizado no mercado para cubrir este tipo de necesidades e o máis completo e eficaz para facer fronte ás necesarias actividades que se desenvolven no PPT.

Contéplase a contratación do programa nun único lote, para posibilitar a especialización dos licitadores e fixar máis claramente o obxecto do contrato para prestar os servizos de transporte e desprazamento de escolares no marco do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa". Neste lote establécese polo Concello o perfil mínimo que deben reunir os posibles licitadores e os compromisos de funcionamento esixibles para un óptimo desenvolvemento do contrato.

A estimación da data de inicio do contrato administrativo prevese a partir do 01 de novembro de 2024, para unha duración dun máximo de catro anos, e a posibilidade dunha única prórroga, por un período máximo de 8 meses, é dicir ata o 30 de xuño de 2029.

É vontade do goberno municipal seguir ofertando este frutífero programa municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa", xa que como institución pública máis preto dos cidadáns, non quere ser alleo á necesidade de coñecer as demandas da comunidade educativa para que partindo do coñecemento da realidade cultural e turística de Vigo, podamos axudar a mellorala e transformala. Polo tanto, enténdese dende o Concello de Vigo que coñecer a realidade cultural e turística de Vigo é algo imprescindible para os nosos escolares, xa que ese contorno máis próximo é o mellor escenario didáctico para abrir os centros escolares á súa realidade circundante e contribúe a motivar o aprendizaxe do alumnado nun espazo no que está implicado, é dicir, invéstigase e coñécese o que se vive.

Estímase que a necesidade á que se pretende dar cumprimento mediante as citadas prestacións e a súa relación co obxecto do contrato resulta directa, clara e proporcional polos motivos expostos.

En cumprimento do artigo 28 da Lei 9/2017, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante este contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e o contido para satisfacelas están totalmente xustificadas.

SITUACIÓN ACTUAL DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

O vixente contrato para a xestión, organización e desenvolvemento dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa" (Expte. 25172-332), adxudicado a favor da empresa de autocares "Estévez Avión S.L." pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 16 de setembro de 2021, remata o vindeiro 31 de outubro de 2024, segundo determina o contrato asinado en data 15/10/2021 entre o Excmo. Concello de Vigo e a empresa de Autocares "Estévez Avión S.L.".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:32	Páxina 3 de 4
97507-332	CSV: ADA458-34BCB2-57EB2F-QK7FTA-4CAPP9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No contrato referido anteriormente, desestímase a execución da posible prórroga prevista dun máximo de oito meses de duración, en todo caso ata o 30 de xuño de 2025, dado que cómpre actualizar o prezo de licitación motivado polo complicado contexto socio-económico que derivou nuns altos niveis de inflación, a crise dos mercados enerxéticos e a xeneralizada alza dos prezos dos combustible e carburantes que afecta negativamente a este sector do transporte de escolares, e polo tanto é vontade política atender cunha nova cobertura contractual a elevada demanda dos centros de ensino da nosa cidade, para realizar de xeito gratuito os desprazamentos de escolares a distintos puntos de interese didáctico cultural da cidade de Vigo que se desenvolverán no marco dunha nova edición do programa municipal de coñecemento da cidade “VIGO EDUCA”.

O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación. A súa anualidade non coincide coa do contrato vixente en termos de licitación.

En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e Disp. Adic. 2ª.4 da Lei 9/2017 (LCSP) e en virtude dos decretos de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, relativos a delegacións de competencias, elévase á concelleira da Área de Goberno a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Iniciar o expediente administrativo para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do transporte e dos desprazamentos escolares do programa municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa”.

Vigo, na data da sinatura dixital

O técnico de actividades culturais e educativas, Pedro María Vázquez Iglesias

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada

Conforme: a concelleira delegada de Educación, María Olga Alonso Suárez

DECRETO

En base ao exposto, de conformidade co artigo 116.1 e Disp. Adic. 2ª.4 da Lei 9/2017, en virtude das competencias que me atribúe a vixente lexislación (artigo 127.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Decretos de Delegación da Alcaldía de datas 20 e 28 de xuño de 2023, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 124 e 129 en datas 28 de xuño e 5 de xullo de 2023, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023, publicado no BOPPO nº 129 o 5 de xullo de 2023), e á vista da precedente proposta de resolución,

RESOLVO de conformidade coa mesma.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, Elena Espinosa Mangana

Conforme: o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, Jaime Aneiros Pereira

Dou fe: A secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 10:32	Páxina 4 de 4
97507-332	CSV: ADA458-34BCB2-57EB2F-QK7FTA-4CAPP9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		